



CONCELLO DE VILASANTAR
R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS. NOMEAMENTO TRIBUNAL E CONVOCATORIA DE EXAMEN. CONVOCATORIA E BASES PROCESO SELECTIVO PERSOAL LABORAL TEMPORAL. PEL CONCELLOS 2026.

EXPEDIENTE: 2026/G003/000138 (Decretos).

EXPEDIENTE: 2025/A008/000021 (Subvencións).

EXPEDIENTE: 2025/E001/000001 (Convocatoria Selección Persoal)

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que mediante o decreto de alcaldía 103/2026, de 7 de Abril de 2026, se aprobaron as bases e convocatoria para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para dous peóns para a realización de obras e servizos municipais, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, a través do programa PEL Concellos 2026.

Visto que ditas bases e convocatoria foron publicadas na páxina web, taboleiro de anuncios e portal de transparencia deste concello así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Vista que a última publicación das bases e da convocatoria realizouse en dito boletín con data de 14 de Abril de 2026, iniciándose un prazo de dez días hábiles para a inscrición de solicitudes para formar parte do proceso selectivo.

Examinadas as solicitudes presentadas e dacordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, **Resolvo:**

PRIMEIRO.- Admitir definitivamente ós aspirantes presentados que se relacionan a continuación ó proceso selectivo para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para dous peóns para a realización de obras e servizos municipais, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, a través do programa PEL Concellos 2026, publicándose no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal así como no portal de transparencia do Concello de Vilasantar.



ADMITIDOS

Nº DE REXISTRO	DNI	APELIDOS E NOME
202600000000359	32*****E	Juan Francisco García Ramos
202600000000374	33*****N	Juan Vazquez Astray
202699900000142	09*****R	José Eladio García Pedrero
202600000000378	20*****C	Valeria Corral Bergantiños
202600000000379	49*****V	Lucía Boado Ares

SEGUNDO.- Nomear o tribunal encargado da selección que estará integrado por:

Presidente: Alberto Labandeira Fontecoba, Peón de mantemento do Concello de Vilasantar.

Suplente: Ana Belén Vazquez Garea, Técnico de intervención familiar do Concello de Vilasantar.

Secretaria: María Trinidad Veiras Freire, Técnico de cultura e información xuvenil do Concello de Vilasantar

Suplente: M.^a Isabel Novo López, Administrativa do Concello de Vilasantar.

Vogal: David Novo Mato, Peón tractorista do Concello de Vilasantar.

Suplente: Susana Nieto Ramos, Técnica de Orientación Laboral do Concello de Curtis.

Vogal: Mercedes Costoya Cortés, Auxiliar Administrativo do Concello de Vilasantar.

Suplente: Aida Bello Mirás, Axente TIC do Concello de Vilasantar.

Vogal: Sofía Dono García, Traballadora Social do Concello de Vilasantar.

Suplente: Ana M^a Vallo Camba, Aedl do Concello de Boimorto.

TERCEIRO.- Convocar ós candidatos admitidos o día 11/05/2026 ás 10,00 horas para a realización do proceso selectivo.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación.

QUINTO.- Informar ao Pleno da corporación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.



CONCELLO DE VILASANTAR
R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



Mándaos e asínaos a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria, Minia Astray Barca, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.